



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2023

Exp.: 2023000000396

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO XV CONCURSO FRAN PÉREZ
“NARF” PARA GRUPOS E ARTISTAS MUSICAIS**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a resolución desta Presidencia núm. 10238, de 15 de marzo de 2023, pola que se aproban as Bases do XV Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais.

Visto tamén que as citadas Bases foron publicadas no BOP núm. 54 de 20 de marzo de 2023.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do XV Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por resolución desta Presidencia núm. 10238, de 15 de marzo de 2023.

2º. A convocatoria rexerase polas Bases do premio que foron publicadas no BOP núm. 54 de 20 de marzo de 2023

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/20/2023_0000001863.pdf

3º. O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 h do día 15 de xuño de 2023

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2023

Exp.: 2023000000396

ANEXO

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do XVI Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais. O texto completo das Bases do premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderá participar calquera grupo ou artista musical galego ou residentes en concellos galegos, do ámbito da música pop e variantes (folk, rock, rap, reggae...), que non fosen premiados nos cinco anos naturais anteriores do concurso.

As persoas participantes non poderán formar parte de máis dun grupo dos que participen no concurso. As/os artistas que se presenten individualmente tampouco poderán formar parte de grupo ningún.

Cada grupo ou artista participará con un mínimo de catro temas orixinais (tanto na letra, como na música) e compostos polo grupo ou persoas que o compoñen ou pola/o artista, no caso de participaren individualmente; se hai máis de catro temas, deberán indicar os que sexan orixinais. A maqueta dos temas presentados terá unha duración máxima de 20 minutos.

Segundo. Obxecto

O obxecto da convocatoria é difundir, apoiar e promocionar os grupos e artistas musicais das diferentes comarcas e localidades galegas, así como lembrar e difundir socialmente a figura e a obra do músico, compositor para espectáculos musicais e teatrais e dinamizador cultural, que foi o cantante Fran Pérez “Narf”.


Terceiro. Bases reguladoras

A convocatoria rexeráse polas Bases, que foron publicadas no BOP núm. 54 de 20 de marzo de 2023 https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/20/2023_0000001863.pdf

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 7.500,00 €, con cargo á partida 0612/3343/481 do Orzamento ordinario para 2023.

Establécense os premios seguintes:



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2023

Exp.: 2023000000396

1º premio	4.000 €
2º premio	2.000 €
3º premio	1.500 €

Quinto. Preselección

O xurado realizará unha primeira selección dun total de tres artistas e/ou grupos despois da audición das maquetas recibidas, que accederán á fase final da actuación en directo. Así mesmo nomeará tres suplentes para o caso de que algún dos seleccionados non poda acudir a esta actuación.

O resultado da preselección e a convocatoria da actuación serán dados a coñecer a través da páxina web da Deputación

Sexto. Fase final: actuación en directo

A fase final, que terá lugar o día 28 de outubro, consistirá na actuación en directo dos grupos ou artistas preseleccionados e decidirá os premios do concurso.

Sétimo. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás 14:00 horas do día 15 de xuño de 2023.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

A participación na convocatoria supón a autorización á Deputación da Coruña para difundir, por un período máximo de seis meses e por calquera canle, os temas orixinais incluídos nas maquetas presentadas polos grupos e/ou artistas gañadores.

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del XV Concurso Fran Pérez "Narf" para grupos y artistas musicales. El texto completo de las Bases del concurso puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2023

Exp.: 2023000000396

Primero. Beneficiarios

Podrá participar cualquier grupo o artista musical gallego o residentes en ayuntamientos gallegos, del ámbito de la música pop y variantes (folk, rock, rap, reggae...), que no hubiesen sido premiados en los cinco años naturales anteriores al concurso.

Las personas participantes no podrán formar parte de más de un grupo de los que participen en el concurso. Las/os artistas que se presenten individualmente tampoco podrán formar parte de ningún grupo.

Cada grupo o artista participará con un mínimo de cuatro temas originales (tanto en la letra, como en la música) y compuestos por el grupo o personas que lo componen o por la/el artista, en el caso de participar individualmente; si hai más de cuatro temas, deberán indicar los que son originales. La maqueta de los temas presentados tendrá una duración máxima de 20 minutos.

Segundo. Objeto

El objeto de la convocatoria es difundir, apoyar y promocionar los grupos y artistas musicales de las diferentes comarcas y localidades gallegas, así como recordar y difundir socialmente la figura y la obra del músico, compositor para espectáculos musicales y teatrales y dinamizador cultural, que fue el cantante Fran Pérez "Narf".

Tercero. Bases reguladoras

La convocatoria se regirá por las Bases, que fueron publicadas en el BOP núm. 54 del 20 de marzo de 2023 https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/20/2023_0000001863.pdf

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 7.500,00 €, con cargo a la partida 0612/3343/481 del Presupuesto ordinario para el año 2022.

Se establecen los siguientes premios:

- 1º clasificado 4.000 €
- 2º clasificado 2.000 €
- 3º clasificado 1.500 €

Quinto. Preselección



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2023

Exp.: 2023000000396

El jurado realizará una primera selección de un total de tres artistas y/o grupos después de la audición de las maquetas recibidas.

Los grupos y/o artistas que resulten preseleccionados accederán a la fase de la actuación en directo.

La actuación de cada uno de los grupos o artistas participantes tendrá una duración máxima de 15 minutos, en que interpretarán temas de la maqueta presentada.

Sexto. Fase final: actuación en directo

La fase final, que tendrá lugar el día 28 de octubre, consistirá en la actuación en directo de los grupos o artistas preseleccionados y decidirá los premios del concurso.

Séptimo. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y finalizará a las 14:00 horas del día 15 de mayo de 2023.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

La participación en la convocatoria supone la autorización a la Diputación de A Coruña para difundir, por un período máximo de seis meses y por cualquier medio, los temas originales incluidos en las maquetas presentadas por los grupos y/o artistas ganadores.